

## PREMIOS FIN DE GRAO

---

Curso 18/19

Nos Premios Fin de Grao deberase interpretar en público un programa de ao menos **3 obras de diferentes estilos** e de ao menos **30 minutos de duración**.

### Criterios valorativos

#### **1. Nivel de dificultade e interese artístico das obras do programa presentado.**

Deberase interpretar un repertorio estilisticamente variado e de dificultade acorde co nivel requirido para optar ao premio en cuestión.

#### **2. Dominio técnico e musical das obras a interpretar.**

- Amosar un grao de asimilación dos conceptos técnicos específicos de cada especialidade.
- Interpretar os textos musicais presentados cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos , así como con rigorosidade ante as indicacións dos aspectos referidos ao tempo e agóxica das obras.
- Mostrar na interpretación do repertorio o necesario coñecemento da partitura xeral, é dicir, tanto da parte propia como do resto de partes que interveñen no discurso musical.
- Coñecer e aplicar á interpretación as características estilísticas do repertorio programado.

#### **3. Nas obras que requiran de acompañamento, valorarase o dominio dos aspectos propios da concertación: axuste, empaste, afinación, xestos da interpretación camerística, respecto aos planos sonoros.**

\*(os candidatos deberanse facer cargo de traer os músicos acompañantes que poidan necesitar)

#### **4. Aspectos propios da posta en escena: actitude cara ao público e tribunal, dominio do escenario.**

#### **5. Demostrar capacidade de análise e desenvolvemento duns criterios interpretativos individuais dentro dos criterios axeitados a cada obra.**

#### **6. Valorarase a interpretación de memoria.**

Criterios valorativos aprobados pola CCP do 14 de maio de 2019.